

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE XUÑO DE 2020

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Muras, o trinta de xu3no de dous mil vinte, re3nese o Concello Pleno para celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n p3blica ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e con asistencia dos Concelleiros:

DONA BELEN CHAO RAMIL
DONA CRISTINA FRANCO PARDO
DON MARIO ROUCO REY
DONA MARIA EUGENIA REQUEIJO ARNEJO
DON JES3S TRASTOY CAMBA
DON ALBERTO D3AZ D3AZ

Da fe do acto a Secretaria do Concello dona Silvia Lamelas Soto.
Sendo as vinte horas pola Presidencia declarase aberta a sesi3n.

De seguido, sometendose a debate e aprobaci3n os seguintes asuntos;

1.- APROBACI3N SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESI3NS ANTERIORES

Sometese a votaci3n as actas das sesi3ns do Pleno levadas a cabo o 26.02.2020, 09.03.2020 e 12.06.2020.

Sometese o punto a votaci3n.

O Concello en Pleno, en votaci3n ordinaria por unanimidade, acordan aprobar as actas.

2.- APROBACI3N, SE PROCEDE, DA EXPROPIACI3N FORZOSA MEDIANTE TR3MITE DE URXENCIA PARA INSTALACI3N DUN DEP3SITO DE AUGA POTABLE NO VIVEIR3.

3 vista dos seguintes antecedentes obrantes no expediente 58/2020 referente a "Expropiaci3n forzosa por tr3mite de urxencia para colocaci3n dun dep3sito de auga potable no Viveir3"

Realizada a tramitaci3n legalmente establecida e visto o Informe de Secretar3a de data 18.06.2020, proponse ao Pleno a adopci3n do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a relaci3n, obrante no expediente, dos bens cuxa ocupaci3n ou disposici3n consid3rase necesaria aos efectos de expropiaci3n forzosa, polo procedemento de urxencia regulado no artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiaci3n Forzosa.

REF. CATRASTRAL	TITULAR	POBOACI3N	SUP. EXPROP	VALOR TOTAL SEGUNDO CADRC
-----------------	---------	-----------	-------------	---------------------------



				RESUMO DE VALORACIÓN CONTIDO NO PROXECTO EXPROPIATORIO
1163601PJ1116S0001AI	JOSE M. BELLO GOMEZ (HERDEIROS DE)	VIVEIRÓ-MURAS	1.681M2	3.530,10€
27033A020001900000FX	JOSE M. BELLO GOMEZ (HERDEIROS DE)	VIVEIRÓ-MURAS	97M2	203,70€
1163602PJ1116S0001BI	NARCISO BELLO GOMEZ (HERDEIROS DE)	VIVEIRÓ-MURAS	76M2	159,60€

SEGUNDO. Facer pública a relación de bens ou dereitos xunto cos nomes dos propietarios ou dos seus representantes e abrir trámite de información pública, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia, no xornal El Progreso de Lugo, na sede electrónica deste Concello (www.muras.ga), e no taboleiro de anuncios do mesmo, con notificación individual aos interesados, a fin de que os titulares de dereitos afectados pola expropiación poidan presentar cantos datos puidesen permitir a rectificación de erros padecidos na referida relación, ou oporse motivadamente á ocupación daqueles.

TERCEIRO. No caso de que non se producisen alegacións, considerárase aprobada definitivamente aquela relación e iniciado o expediente expropiatorio; e de producirse, emítase informe técnico sobre as mesmas.

CUARTO. Remitir o expediente de referencia ao Consello de Goberno da Comunidade Autónoma para que declare urxente a ocupación dos bens afectados pola expropiación.

Non obstante o Pleno acordará o que estime oportuno

Aberto o debate, se producen as seguintes intervencións:

Sra. Requeijo Chao manifesta que en comisión informativa votaron a favor pero que posteriormente faláron cos propietarios e que lles trasladaron que eles non sabían nada da expropiación; que nin o Alcalde nin o Concello púxose en contacto con eles. Por iso proceden a cambiar o sentido do seu voto.

Sr. Alcalde indica que todos os expedientes que van a Pleno están en Secretaria para quen queira velos. Se o cambio de sentido de voto do Partido Popular é para desgastar ao Alcalde, están equivocados xa que o que fan é ir en detrimento dos veciños que son os realmente perxudicados. No Viveiró hai 2 locais de hostalería que verten ao río e que en calquera momento pódenos pechar por iso.

Sometese o punto a votación

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por catro votos a favor do BNG e do PSOE e tres votos en contra do PP, acordan aprobar a proposición presentada ao Pleno.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO.



O punto retírase da orde do día.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BASES PARA AXUDAS PARA FREAR A PERDA DE POBOACIÓN NO CONCELLO DE MURAS

En aras de promover a natalidade e paliar o forte descenso demográfico que afecta ás zonas rurais do interior de Galicia, o concello de Muras decidiu levar adiante un programa consistente en agasallar ao todos os pais e nais do concello, cunha cesta de benvida con produtos para o coidado de bebés, valorada en 300 €.

Con esta iniciativa, o concello pretende minorar os primeiros gastos que deben afrontar os pais e nais nos nacementos dos fillos, e sendo conscientes da pequena contía da axuda, non podemos máis que considerala como un pequeno agasallo, pola felicidade que supón para o concello que naza un meniño/a , nun concello onde a taxa do crecemento vexetativo ou natural permanece negativa dende hai décadas.

Para a corporación, cada nacemento é unha esperanza de ilusión na procura de revertir a pirámide demográfica, de aí que debamos empregar todos os esforzos para contribuír en poñer freo ao despoboamento dos concellos rurais.

E por iso polo que propono ao Pleno a adopción da seguinte

PROPOSTA

PRIMEIRO. Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de axudas municipais para frear a perda de poboación no Concello de Muras, que literalmente di:

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA FREAR A PERDA DE POBOACIÓN NO CONCELLO DE MURAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este Concello detectou que nos últimos anos existe una clara tendencia á diminución da poboación, feito que implica graves consecuencias para o Municipio xa que, se non se cambia a tendencia, chegará un momento en que a escasa poboación impedirá atender uns servizos públicos axeitados e dignos, por outra banda, imprescindibles nos tempos actuais. E non dispendo dos servizos aludidos, aínda se incrementará máis a tendencia a non residir na localidade en busca de servizos que aumenten a calidade de vida dos cidadáns.

Nos ámbitos estatal, autonómico e local, estanse a promover medidas que poñan freo a esta situación, agravada polas crises económicas e o desemprego, que repercuten negativamente na economía dos diferentes tipos de familias existentes hoxe en día.



O marco legislativo prevé actuacións de amparo as familias, como a propia Constitución Española, que, no seu artigo 39, asegura a protección social, económica e xurídica da familia.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia recolle como un dos obxectivos do Sistema Galego de Servizos Sociais, garantirles o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia establece no seu artigo 8.2 b) que o municipio exercerá, no exercicio das súas competencias, a execución de medidas, programas e proxectos destinados á atención á familia.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, contempla nos artigos 25 e seguintes, que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Neste contexto, considerando de interese público o apoio as familias e o fomento da natalidade como un beneficio para o conxunto da sociedade, vista a continuada caída no saldo vexetativo da nosa poboación e o esforzo económico que afrontan as familias cando se incrementa o seu número de membros este Concello non pode permanecer impasible ante a situación, polo que considera oportuno establecer medidas propias de fomento da natalidade.

BASE PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto das presentes bases é regular e proceder a convocatoria para o ano 2020-2021 en réxime de concorrencia non competitiva de conformidade co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Con ditas axudas pretendese colaborar para fixar a poboación no ámbito territorial de Muras, e ao mesmo tempo contribuír a alixeirar a carga económica que supón a chegada dun novo membro á familia, por calquera dos procedementos legais contemplados na lexislación vixente.

BASE SEGUNDA.-Financiación

As axudas reguladas por esta orde concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 327-48100 do orzamento xeral do Concello de Muras para o exercicio 2020, por un importe global que ascende a 1.500,00€. De cara ás axudas para o ano 2021, a concesión das axudas queda sometida á condición de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

As axudas serán adxudicadas ata o límite dos créditos dispoñibles na devandita aplicación orzamentaria na data de resolución, tendo en conta os principios de publicidade, igualdade e obxectividade, conforme ao disposto na lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.



No obstante á vista das cifras resultantes, previa a tramitación da correspondente modificación orzamentaria, poderá incrementarse o importe global e en consecuencia a cantidade a outorgar a cada beneficiario ou beneficiaria.

BASE TERCEIRA.- Natureza e contía da axuda

Esta axuda, será compatible con calquera outra establecida polas administracións públicas. Consistirá nunha cesta por importe equivalente a 300€ composta por cueiros, leites e alimentos infantís, produtos de aseos persoal..., que será entregada polo Concello de Muras por nacemento ou adopción de fillo ou filla e que se outorgará en cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria.

No caso de necesidades específicas dos nenos/as, os produtos poderán ser obxecto de substitución por outros, previa solicitude ao Concello.

Non poderá percibirse máis dunha axuda por nacemento ou adopción. No caso de partos múltiples terase dereito a percibir o 100% adicional por cada fillo ou filla. No caso de adopción de mais dun ou dunha menor, terase en conta a mesma porcentaxe de incremento.

BASE CUARTA.- Beneficiarios/as

Poderán ser beneficiarias de esta axuda, aquelas persoas residentes no Concello de Muras que teñan un fillo ou unha filla entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de decembro de 2021, tanto por natureza como por adopción, ou estean en situación de garda con fins adoptivos e que, en todo caso, o recentemente nacido sexa empadroado por primeira vez no mesmo Municipio e domicilio que os beneficiarios. En caso de adopción, que no prazo dun mes a contar da resolución xudicial sexa inscrito no Padrón, así mesmo, no domicilio do adoptante. Será documento acreditativo do cumprimento do disposto neste apartado o certificado de empadramento e convivencia da unidade familiar.

Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, será beneficiario/a o proxenitor /a, que teña a custodia do fillo ou filla.

As/os estranxeiros que residan no Concello de Muras poderán ser beneficiarios de esta prestación, sempre que cumpran as condicións da Lei Orgánica 4/2000 sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

Non poderán ser beneficiarios os/as proxenitores/as que foran privados da patria potestade dos seus fillos ou fillas, ou se a tutela ou garda fose asumida por unha institución pública.

BASE QUINTA.- Requisitos:

Os beneficiarios ou beneficiarias destas axudas deberán reunir os seguintes requisitos: Que a persoa proxenitora, adoptante ou en garda que solicite a axuda estea empadroada no concello de Muras, como mínimo seis meses antes da data de solicitude.

Nos casos de familias monoparentais, separación ou divorcio, a persoa solicitante será a que conviva co fillo ou filla.

As crianzas terán que se empadroar no municipio.

Do mesmo xeito as persoas solicitantes deberan comprometerse a seguir empadroadas tanto elas coma os seus fillos ou fillas, por un período de dous anos.

Non ser debedora da facenda municipal, nin das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social doutras administracións.



Non estar en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de subvencións que se establece no artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 novembro, Xeral de Subvencións ou nas circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/07, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

BASE SEXTA.- Presentación de solicitudes:

Presentación: As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Muras, www.muras.sedelectronica.gal, ou por calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 outubro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

As solicitudes das axudas, debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante, formularanse no modelo oficial publicado como Anexo I destas bases, serán dirixidas ao Sr. Alcalde Presidente, ata o día 15 de decembro do 2021.

Para os nacementos ou adopcións producidas entre o 15 de decembro e o 31 de decembro de 2021 poderán presentar a solicitude ata o 15 de xaneiro do 2022.

Serán admitidas as peticións referidas a nacementos ou adopcións producidas no ano 2020 antes da data da publicación da convocatoria, que cumpran cos requisitos esixidos.

Documentación: Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI/ tarxetas de residente/pasaportes do/a solicitante.
 - No caso de nacemento, certificado da inscrición no rexistro civil ou copia simple do libro de familia no que conste o novo nacemento.
 - No caso de adopción copia simple do auto xudicial de adopción ou da resolución administrativa de acollemento preadoptivo.
 - No caso de separación copia do convenio regulador, sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio, segundo o caso.
 - Compromiso de seguir empadroados no concello por un período mínimo de dous anos (Anexo II).
 - Declaración responsable de non ter obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda con administracións.
 - Declaración responsable de cumprir cos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- O empadroamento e convivencia, así como atoparse ao corrente das obrigas tributarias co Concello comprobarase de oficio.

BASE SÉTIMA.- Normas de instrución do procedemento

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, segundo a excepción prevista no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

As solicitudes de axuda presentadas en prazo, tramitaranse e resolveranse por orde de entrada no rexistro do expediente completo e ata o esgotamento do crédito orzamentario destinado ao seu financiamento.



BASE OITAVA. - Defectos de solicitude e outra documentación

O defecto nas solicitudes ou documentación achegada será notificado aos interesados/as polo Concello e daráselles un prazo de dez días hábiles para emendaren os erros ou omisións, con indicación de que no caso de non dar cumprimento ao requirimento, teranse por desistida a súa petición

BASE NOVENA .- Revogación e reintegro da axuda

O incumprimento por parte da persoa beneficiaria de calquera das condicións establecidas nestas bases, levará a declaración da perda do dereito a axuda, e a obriga de restituír as cantidades percibidas, así como a esixencia do interese legal de demora, dende o momento do pago da mesma.

BASE DÉCIMA.- Obrigas das persoas beneficiarias:

1. Estar empadroadas no Concello de Muras un tempo mínimo de dous anos, dende a data de concesión da axuda.
2. Xustificar ante o Concello de Muras o cumprimento dos requisitos, finalidade e condicións, que determine a concesión ou o desfrute da axuda.
3. Sometemento ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Muras.
4. Comunicar ao Concello de Muras calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
5. Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda co Concello de Muras, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

BASE DÉCIMO PRIMEIRA.- Sancións

Ás persoas beneficiarias das axudas seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas na Lei 9/2007 e Lei 38/2003.

BASE DÉCIMO SEGUNDA.- Réxime xurídico

O non previsto nesta convocatoria, e para o seu desenvolvemento, observarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

- a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- b) Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- c) Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- d) Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
- e) Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia.
- f) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local
- g) Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que será de aplicación nos seus preceptos básicos.



h) Lei 39/2015 de 1 outubro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada en data _____, entrará en vigor una vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 da mesma, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I

SOLICITUDE AXUDAS APOIO Á NATALIDADE POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE FILLO/A

DATOS DO/A SOLICITANTE (PAI, NAI OU TITOR LEGAL):

APELIDOS E NOME:		DNI:
DOMICILIO:		
CORREO ELECTRÓNICO:		
TELEFONO MÓBIL:	TELEFONO FIXO:	

DATOS DA PERSOA CAUSANTE (RECÉN NADO OU ADOPTADO):

APELIDOS E NOME:	
DATA DE NACEMENTO OU ADOPCIÓN:	
PARTO MULTIPLE:	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

DATOS DOS PROXENITORES / ADOPTANTES

NAI - APELIDOS E NOME:		
DATA DE NACEMENTO:	NACIONALIDADE:	
DNI:	EMPADROADO EN MURAS: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
PAI - APELIDOS E NOME:		
DATA DE NACEMENTO:	NACIONALIDADE	
DNI:	EMPADROADO EN MURAS: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
DOMICILIO FAMILIAR	PARROQUIA	C.P.



DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE,

- 1.- Que son certos os datos consignados na presente solicitude e comprométome a cumprir coas obrigas previstas nestas bases.
- 2.- Que cumpro cos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2017, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

AUTORIZO, expresamente ao Concello de Muras a recoller, en calquera momento, ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, ante as distintas Consellerías da Comunidade Autónoma e dos departamentos do Concello, documentación precisa para o control e seguimento das axudas concedidas.

SOLICITO me sexa concedida a Axuda para o apoio á natalidade polo nacemento/adopción do meu _____ fillo _____ ou filla
.....

ACOMPAÑA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN de conformidade co establecido na base sexta da convocatoria:

- a. Fotocopia do DNI/ tarxetas de residente/pasaportes do/a solicitante.
- b. No caso de nacemento, certificado da inscrición no rexistro civil ou copia simple do libro de familia no que conste o novo nacemento.
- c. No caso de adopción copia simple do auto xudicial de adopción ou da resolución administrativa de acollemento preadoptivo.
- d. No caso de separación copia do convenio regulador, sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio, segundo o caso.
- e. Compromiso de seguir empadroados no Concello de Muras por un período mínimo de dous anos (Anexo II)

O/a solicitante declara que coñece e acepta as bases da presente convocatoria.

Muras, a _____ de _____ de 20

Sinatura da nai

Sinatura do pai



ANEXO II
COMPROMISO DE PERMANECER EMPADROADO NO CONCELLO DE MURAS

APELIDOS E NOME:		DNI:
DOMICILIO:		
CORREO ELECTRÓNICO:		
TELEFONO MÓBIL:	TELEFONO FIXO:	

Solicitante dunha axuda ao Concello de Muras conforme ao publicado nas *bases reguladoras para a concesión de axudas municipais para frear a perda de poboación e apoiar as familias do Concello de Muras* (BOP nº _____, do _____ de _____ do 2020).

COMPROMÉTOME

A estar empadroado/a xunto co meu fillo/a no Concello de Muras, por un período mínimo de dous anos dende a data de resolución favorable da axuda.

En Muras , a _____ de _____ de 20

Asdo.:

SEGUNDO.- A presente Ordenanza, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada en data _____, entrará en vigor una vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 da mesma, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

Tal é a miña proposta, non obstante o Concello en Pleno, adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Aberto o debate producense as seguintes intervencións.

O Sr. Alcalde explica que antes había unha serie de axudas para cando nacía un neno ou unha nena, pero que non tiñan ningún tipo de sustento. Agora se quere darlles forma e transparencia. Saben que non se soluciona o problema da natalidade pero si é un complemento xunto co resto de axudas que se conceden desde o Concello, como son as axudas ao pago do recibos da luz ou as axudas para os estudos dos estudantes.

Sra. Requeijo Chao sinala que están a favor pero que xa en febreiro do 2016, o Partido Popular presentou unha solicitude para que dita axuda fóra por importe de 1.000,00€.



Insiste en que a axuda debería ser por un importe maior xa que nacen moi poucos nenos e nas arcas do concello non vai repercutir tanto.

Sr. Rouco Rey está a favor pero coa condición de que o Concello vólvese máis ambicioso con outro tipo de axudas.

Sr. Alcalde sinala que estar na oposición é difícil pero que mesmo nesa posición, hai que ser construtivo. Enumera que no Concello, nestes momentos hai servizos como o PAI, axudas ao pago do recibo da luz, subvencións para o ANPA, bolsas para estudantes... e todo iso pago cos recursos propios do Concello. A Xunta, ano tras ano realiza recortes en as transferencias de diñeiro aos Concellos, especialmente aos do rural. O que buscamos é manter todos os servizos que ten o Concello. O que non ten sentido é dar axudas de 1.000,00€ e non ter guardería; dicir 1000 euros é un “canto ao Sol”.

Sometese o punto a votación

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por unanimidade acordan aprobar a proposición presentada ao Pleno.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, BASES PARA CONCEDER COMPOSTEIROS

Visto que SOGAMA concedeu ao Concello de Muras 25 composteiros dentro do seu Programa de Compostaxe Doméstica, para que o Concello faiga o reparto.

Considérase que a forma máis xusta e obxectiva de reparto é mediante a creación dunhas bases reguladoras nas que os interesados presenten súas solicitudes cos requisitos que esixe a lexislación vixente.

E por iso polo que porpoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- APROBAR as bases reguladoras para o reparto de 25 composteiros individuais de 400 litros dentro do Programa de Compostaxe Doméstica coa redacción que a continuación se recolle:

BASES PARA O REPARTO DE 25 COMPOSTEIROS INDIVIDUAIS DE 400 LITROS DO PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA DE SOGAMA

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é establecer as normas de reparto de 25 composteiros individuais de 400 litros doados por SOGAMA dentro do seu Programa de Compostaxe Doméstica ás familias do Concello de Muras.

SEGUNDA.- REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

1. Ser maior de 18 anos.
2. Estar empadroad/a no Concello de Muras.



3. Dispoñer de unha vivenda con terreo dedicado a hortas ou cultivos ou de finca dedicada a hortas ou cultivos no Concello de Muras.
4. Non ter débedas con ningunha administración pública.
5. Aceptar as medidas de seguimento e control establecidas nestas Bases.

TERCEIRA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. As solicitudes de composteiros faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, no modelo do ANEXO I, na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base segunda.
2. As solicitudes presentaranse no prazo de quince (15) días hábiles contados dende o día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de que as solicitudes se dirixan a través das oficinas de Corres, os solicitantes deberán comunicalo mediante fax (982 574303) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias

3. A solicitude (ANEXO I) irá acompañada da seguinte documentación:

- Copia do Documento Nacional de identidade ou documento identificativo.
- Certificado de empadramento.
- Declaración xurada ou declaración responsable de ter unha casa con terreo para horta ou que se posee unha finca para horta.
- Certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.

CUARTA.- CRITERIOS DE REPARTO DOS COMPOSTEIROS

Rematado o prazo de solicitude dos composteiros, procederase a valorar todas as solicitudes recibidas.

Para proceder ao reparto dos composteiros, elaborárase unha lista de solicitantes seguindo os seguintes criterios para o reparto dos 25 composteiros:

1. Os composteiros repartiranse segundo a seguinte orde de preferencia.
 - 1.1. Orde de recepción de solicitude.
 - 1.2. Persoas que vivan nunha vivenda con terreos dedicados a hortas ou cultivos.
 - 1.3. Persoas que dispoñan de terreos dedicados a hortas ou cultivos.
 - 1.4. Acreditación da necesidade do composteiro.
2. No caso de que o número total de solicitudes incluídas no punto número 1 sexa inferior a 25, procederase a realizar ó reparto por rigoroso orde de recepción de solicitudes seguindo os criterios anteriores.
3. Se algún solicitante renuncia ao composteiro concedido, procederase a realizar a entrega ao seguinte solicitante que conste na lista.



4. So se admitirá unha solicitude por unidade familiar, non podendo concederse máis de un composteiro por vivenda.

QUINTA.- INSTRUCCIÓN E TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO

1. As solicitudes reguladas nas presentes Bases deberán conter toda a documentación que nas mesmas se regula.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, requirirase á persoas solicitante para que no prazo de 10 DÍAS HÁBILES emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos.

2.- Aprobación da convocatoria:

A convocatoria das presentes bases para obter composteiros será aprobada pola Alcaldía do Concello de Muras.

O procedemento de resolución que se xestiona a través da convocatoria correspondente, axustarase aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

O procedemento de concesión será realizado segundo os criterios enumerados na Base Cuarta.

3.- Instrución:

A instrución do procedemento corresponderá ao Concelleiro delegado de Medio Ambiente, Medio Rural e Novas Tecnoloxía. Posteriormente darase traslado das solicitudes á Secretaria-Interventora que, tras a súa fiscalización, emitirá informe proposta de Resolución debidamente motivada, que en cada caso proceda e que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución.

A proposta de resolución, deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de composteiros, especificando a valoración de favorable ou desfavorable. Esta proposta elevarase á Alcaldía, quen emitirá Resolución que se notificará aos interesados.

Darase un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións.

A resolución de concesións indicará a data e lugar no que se procederá á entrega dos composteiros.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non excederá de SEIS MESES e se computará a partir da publicación da correspondente convocatoria.

SEXTA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos composteiros poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación e reintegro, se fose o caso.

SÉTIMA.- ENTREGA DOS COMPOSTEIROS

Unha vez notificada a resolución de concesión, establecerase con Sogama unha data para realizar unha formación para utilizar os composteiros e procederase a realizar a entrega dos



memos no lugar e data indicados na mesma.

Esta data de formación e entrega dos composteiros será pública e notificada aos interesados/as.

OITAVA.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Dedicar o composteiro ao reciclaxe de biorresiduos e fabricación de compostaxe, finalidade para a cal foi concedido.
2. Conservar o composteiro na vivenda ou finca para a cal foi concedido, sen posibilidade de traslado ou cesión a un terceiro.
3. Comunicar ao Concello de Muras calquera dano ou incidencia no composteiro.
4. A presentación da solicitude obriga ó solicitante á aceptación das Bases que rexen o procedemento.
5. Someterse ás medidas de control indicadas na Base novena.

NOVENA.- MEDIDAS DE SEGUIMENTO E CONTROL

As persoas solicitantes que resulten beneficiarias da entrega dun composteiro deberán someterse ás seguintes medidas de seguimento e control:

1. Someterse a un seguimento no uso do composteiro durante un prazo de 3 anos a contar dende a data de entrega.
6. Someterse a visitas de control, previo aviso, por parte de persoal do Concello de Muras na vivenda ou finca para a cal foi concedido o composteiro

DÉCIMA.- FIN DA VÍA ADMINISTRATIVA

O acto de resolución da concesión esgota a vía administrativa, podendo interperse recurso potestativo de reposición no prazo de un mes, ou ben directamente contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

ANEXO I

SOLICITUDE DE COMPOSTEIRO DO PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA DE SOGAMA.

Apelidos e Nome:	
D.N.I.:	
Domicilio a efectos de notificación en:	
C.P.	
Localidade:	
Teléfonos e Correo electrónico:	

DOCUMENTACIÓN A APORTAR:

Fotocopia do Documento Nacional de identidade ou documento identificativo

Certificado de empadramento



Certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (AEAT, ATRIGA e Concello de Muras) e coa Seguridade Social.

Autorizo ao Concello de Muras para obter os certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (AEAT, ATRIGA e Concello de Muras) e coa Seguridade Social.

Emito autorización expresa ó Concello de Muras para solicitar e obter de organismos públicos ou privados que se consideren oportunos a información necesaria para resolver a adxudicación dos composteiros, así como a súa posterior verificación, control e, no seu caso, reintegro.

Comprométome a cumprir coas Bases reguladoras do procedemento.

Acepto as medidas de seguimento e control establecidas nestas Bases.

DATOS DA VIVENDA

Vivenda Habitual	SI	NON	OBSERVACIÓNS
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Segunda residencia	SI	NON	OBSERVACIÓNS
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Existencia de parcela	SI	NON	OBSERVACIÓNS
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Existencia de horta ou cultivos	SI	NON	OBSERVACIÓNS
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Existencia de animais domésticos	SI	NON	OBSERVACIÓNS
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Animais domésticos	Vacas	SI	NON	INDICAR O NÚMERO
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Porcos	SI	NON	INDICAR O NÚMERO
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Cabalos	SI	NON	INDICAR O NÚMERO
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Ovellas	SI	NON	INDICAR O NÚMERO
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Cabras	SI	NON	INDICAR O NÚMERO
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Aves	SI	NON	INDICAR O NÚMERO
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Cans	SI	NON	INDICAR O NÚMERO
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Outros	SI	NON	INDICAR O NÚMERO
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

En Muras, a ____ de _____ de 20__



Asdo.:

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.muras.gal>].

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno.

Aberto o debate, producense as seguintes intervencións:

Sr. Rouco Rey di que son unas bases sinxelas. Que hai xente interesada e que lle gustaría poder cubrir as necesidades da xente.

Sometese o punto a votación

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por unanimidade acordan aprobar a proposición presentada ao Pleno.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DE CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS COAS OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA NO CONCELLO DE MURAS.

Visto que cando se realizan actividades de saca de madeira polas estradas do noso municipio e prodúcense danos, resulta moi compliado o proceder a que os maderistas respondan dos devanditos danos mediante os seguros de responsabilidade civil que achegan como documentación.

Feitas as consultas oportunas cos técnicos do Concello, indican que a maneira menos custosa, administrativamente falando, de proceder a responder dos danos causados nas vías municipais é eliminando a posibilidade de prestar seguro de responsabilidade civil.

É por iso polo que proponho ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Modificar a ordenanza municipal reguladora da protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira no Concello de Muras coa redacción que a continuación se recolle:



ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA NO CONCELLO DE MURAS

Artigo 1.–Obxecto da Ordenanza.

Consonte ao disposto nos artigos 77 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba el Regulamento de Bens das Entidades Locais e os artigos 25, 27.3b) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, o Concello de Muras establece a presente ordenanza para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira no termo municipal de Muras, co fin de facelas compatibles coa preservación das vías públicas, seguridade vial, bens municipais e medio natural do Concello, dado que temos zonas do municipio que forman parte da Rede Natura 2000 e son Lugar de Importancia Comunitaria (LIC)

As actividades afectadas pola ordenanza son todas aquelas operacións que se desenvolvan para a obtención da madeira e o seu transporte, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta, como poden ser o desprazamento de vehículos e maquinaria ou os accesos ao terreo; como as posteriores destinadas ao depósito da madeira, a carga e o seu transporte.

A ordenanza establece a figura da autorización municipal obrigatoria para a realización dos traballos referidos e as normas para a súa tramitación, a imposición dunha caución e os mecanismos sancionadores establecidos para garantir o seu cumprimento.

As estradas de titularidade municipal afectadas pola ordenanza, son as que aparecen relacionadas no ANEXOIII.

Artigo 2.–Autorizacións para as actividades de corta e saca.

Establécese a obrigatoriedade da obtención de autorización municipal previa para a realización de cada operación de corta ou tala forestal e transporte de madeira dentro do termo municipal do Concello de Muras.

Esta autorización deberá ser solicitada nas dependencias municipais no modelo oficial facilitado para o efecto.

Exceptúanse desta obriga, sen menoscabo da responsabilidade dos efectos que produza a actividade, aquelas operacións de natureza non industrial nin comercial destinadas ao abastecemento doméstico de leña realizadas por particulares con vehículos agrícolas.

Artigo 3.–Solicitudes.

Para a obtención de autorización municipal para realizar traballos de corta e saca de madeira, as persoas físicas ou xurídicas que o soliciten deberán entregar nas dependencias municipais o impreso formal e debidamente cuberto no que figuren os seguintes datos e documentos xuntos requiridos:

-NIF, nome completo e domicilio fiscal da persoa ou entidade, e domicilio a efectos de notificación de ser diferente.

No caso de ser persoa xurídica: documento auténtico onde consten as identidades dos administradores e do representante legal da entidade.



- Referencia e plano catastral das parcelas onde se van desenvolver os labores.
- Lugares, días e horarios no que se van desenvolver os traballos de corta, almacenaxe e transporte da carga.
- Copia da autorización da autoridade forestal para a realización da corta ou, de non ser precisa, declaración responsable do cumprimento da normativa forestal vixente.
- Copia dos permisos de circulación do vehículo ou conxunto de vehículos cos que se van desenvolver os labores ou documento oficial no que conste a súa masa máxima autorizada.
- Xustificante de depósito de fianza nos termos recollidos na presente ordenanza.

As solicitudes de autorización entregaranse como mínimo 20 días antes do inicio dos traballos.

A súa concesión poderá estar suxeita ás restricións temporais ou condicións técnicas motivadas que decida o Concello. Os servizos técnicos municipais competentes informarán previamente á autorización sobre a pavimentación e o estado das vías que van ser utilizados polos solicitantes, co obxecto de preservar e garantir os intereses dos mesmos e os do Concello.

Non poderán solicitar esta autorización aquelas persoas físicas ou xurídicas que como consecuencia de traballos anteriores cometesen infraccións contra a presente ordenanza e teñan danos pendentes de reparar ou de resarcimento ao concello; aqueles que teñan pendente o pago dalgunha sanción contemplada na presente ordenanza ou aquelas empresas que participasen nos traballos e sexan susceptibles de ser responsables do pagamento dos danos.

A falta de resolución expresa por parte do Concello nese prazo suporá que se entenda denegada a autorización.

Artigo 4.-Deber de fianza.

Os solicitantes de cada autorización de corte e saca de madeira deberán presentar coa solicitude o xustificante de presentación dunha caución a favor do Concello de Muras, por calquera dos procedementos establecidos pola lexislación vixente, co fin de responder do amaño dos danos que puideran producir nas vías ou a súa limpeza. A caución poderase constituír en diñeiro efectivo, mediante aval solidario de duración indefinida e pagadoiro no primeiro requirimento emitido por entidade de crédito o sociedade de garantía recíproca ou por calquera outro medio que, a xuízo do concello, garanta a inmediata dispoñibilidade, no seu caso, da cantidade de que se trate.

Establécense dúas contías atendendo ao peso máximo autorizado do maior dos vehículos ou conxunto de vehículos empregados. Se o seu peso máximo autorizado non supera as 16 Tm. fíxase unha caución de mil cincocentos € (1.500,00 €) e se algún vehículo supera esta masa máxima autorizada, entón ascende a tres mil €. (3.000,00 €).

A contía será reintegrada e/ou cancelada previo informe favorable dos servizos técnicos municipais, unha vez finalizada a corta forestal, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que, de non obter dito informe favorable, se produza a incautación definitiva da mesma, e a aplicación do réxime sancionador e demais consecuencias legais esixibles

Para o caso de que a empresa ou empresario subcontrate os traballos ou parte de eles a outra empresa, deberá presentarse tamén unha caución a favor do Concello do empresario ou empresa subcontratada que realice os actos regulamentados, acreditando a vixencia e



cobertura da mesma para os traballos a realizar durante todo o período que duren as operacións que inclúa os danos a terceiros derivados da actividade da empresa ou empresario. Dita caución será do mesmo importe que os sinalados no apartado segundo deste artigo.

Artigo 5.–Normas e obrigas para a realización dos traballos.

Prohíbese a ocupación das vías públicas e do seu dominio con depósitos de madeira, pólas ou ramaxe; así como das canalizacións, gabias, pasos ou todo lugar que dificulte o paso ou acceso a propiedades ou vías.

Preservarase o estado das vías públicas empregadas para a realización dos traballos de corta, almacenaxe, carga ou transporte; correspondendo ao responsable da corta o deber de comunicar ao concello calquera dano producido e a obriga de proceder á reparación dos estragos producidos no firme, gabias, canalizacións ou outros elementos.

Prohíbese a realización de desprazamentos de terras que polas súas características teñan a consideración de movementos de terra a efectos da normativa urbanística.

Os traballos ocuparán só o espazo indispensable da vía pública, permitindo sempre a circulación e cumprindo as disposicións normativas vixentes que regulan o tráfico, circulación e seguridade vial, especialmente as referidas a sinalización de traballos na calzada, corte de carrís ou desviacións na vía.

O responsable da corta deberá retirar da vía pública nun prazo máximo de 48 horas calquera refugallo ou sucidade resultado da corta, depósito ou transporte da madeira.

Artigo 6.–Responsabilidade.

Serán responsables, a efectos do cumprimento de todas as obrigas e responsabilidades recollidas nesta ordenanza, por esta orde:

A persoa ou entidade solicitante da autorización municipal para realizar o traballo.

A persoa ou persoas titulares da empresa ou establecemento mercantil que realice os labores.

Artigo 7.–Infraccións e procedemento sancionador.

Contra o previsto nesta ordenanza, establécese o seguinte cadro de accións consideradas como infraccións moi graves, graves e leves.

Constitúen infraccións moi graves:

-A realización de traballos de corta e saca de madeira sen a preceptiva autorización municipal.

-Causar danos nas pistas municipais por valor superior a 3.000 €.

-O depósito de madeira na vía pública.

-Calquera actuación que supoña unha situación de risco para a seguridade nas vías municipais.

-A comisión, nun prazo dun ano, de dúas faltas graves firmes na vía administrativa.

Constitúen infraccións graves:



- Deixar as vías municipais en deficiente estado de limpeza, segundo o informe municipal.
- Causar danos nas pistas municipais por valor inferior a 3.000 €.
- Non repor ao seu estado orixinal as gabias e dominio público empregado para o acceso aos terreos.
- A comisión, nun prazo dun ano, de dúas faltas leves.

Consideraranse infraccións leves:

- Calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello.
- As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

Infraccións leves: multa de ata 300,00 €.

Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01 € e 1.500,00 €.

Infraccións moi graves: multa de contía comprendida entre 1.500,01 € e 3.000,00 €.

Sen prexuízo das sancións que correspondan, cando o Concello teña coñecemento de calquera feito contrario ao recollido na presente ordenanza ordenará a paralización da actividade e comunicará aos responsables das cortas a obriga de restituír calquera dano provocado establecendo un prazo de quince días para proceden á súa reparación.

Estas sancións poderán ser reiterativas por cada semana sen cumprimento do esixido ou manténdose na situación de infracción tipificada, podendo dar lugar a multa coercitiva ao abeiro do disposto no artigo 9 e 199 da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia 9/2002 do 30 de decembro, ou a normativa que legalmente a substitúa en termos similares.

A resolución do expediente sancionador corresponde á Alcaldía.

Se os danos fosen irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro dos danos.

O procedemento sancionador será o establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e cos criterios expostos no título XI da Lei 7/1985, modificada pola Lei 57/2003, de modernización do goberno local.

Disposición derradeira e derogatoria.

A presente ordenanza, entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, quedando derogadas cantas outras disposicións do mesmo rango normativo, en canto se opoñan ou contradigan o disposto na presente.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.muras.gal>].

0
0
0
0
0
0

(2

8

0

29

0

29

0

29

0

29

0

29

0

29

0

29

0

29

0

29

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno.

Aberto o debate, non se producen intervencións.

Sometese o punto a votación

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por unanimidade acordan aprobar a proposición presentada ao Pleno.

7.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 2020-0127 DE DATA 21.04.2020, SOBRE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE PARTIDAS DE DISTINTO AREA DE GASTO

O presente expediente de modificación de créditos ao vixente Orzamento municipal adopta a modalidade de transferencia de créditos entre partidas pertencentes a distinto grupo de función, de acordo co seguinte detalle:

Altas en partidas de gastos

Partida		Descrición	Euros
Funcional	Económica		
165	22799	ALUMEADO PUBLICO. OUTROS TRABALLOS REALIZADOS POR EMPRESAS	18.000,00€
165	48300	ALUMEADO PUBLICO. AYUDA PROGRAMA MUNICIPAL CONSUMO	9.200,00€

Baixa en partida de gastos

Partida		Descrición	Euros
Funcional	Económica		
150	13000	ADMINISTRACIÓN XERAL VIVENDA. RETRIBUCIÓN BÁSICAS	27.200,00€

A presente modificación obedece a s seguintes necesidades:

- o aumento do número de solicitantes, o aumento do importe do kilovatio por consumo de enerxía eléctrica fan que sexa necesario aumentar o crédito da partida destinada a subvencionar o consumo de enerxía eléctrica por partes dos vecinos do Concello.



- de novo as tormentas acaecidas a principio do ano 2020 fixeron que fose necesario arranxar un número moi elevado de farolas quedado a día de hoxe escasos cartos para facer fronte ao resto das reparacións que tense que facer no que queda de ano.

Visto o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria polo COVID-19 e as súas prórrogas posteriores.

Visto que nestes momentos non é segura a celebración de sesión dos órganos colexiados e tal e como recomenda a Secretaria-Interventora, é máis oportuna a aprobación deste expediente mediante Resolución da Alcaldía, procedendo posteriormente a súa ratificación polo Pleno do Concello

De conformidade cas atribucións que me confire a lexislacion vixente

RESOLVO

PRIMEIRO.- APROBAR o de expediente de modificación de créditos ao vixente Orzamento municipal mediante a modalidade de transferencia de créditos entre partidas pertencentes a distinto grupo de función, de acordo co detalle ao principio indicado.

SEGUNDO.- Elevar a presente Resolución ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre para súa ratificación.

Aberto o debate, o Sr. Rouco Rey di que hai moitos problemas cas farolas e que os vecinos teñen que deixar de “facer de electricistas” e nos abrir os cadors eléctricos para arranxalas.

Sometese o punto a votación

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por unanimidade acordan ratificar la Resolución 2020-0127 de fecha 21.04.2020.

8.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 2020-0181 DE DATA 04.06.2020 DE PARTICIPACIÓN NO PLAN UNICO DA DEPUTACIÓN DE LUGO 2020.

Visto o expediente 78/2020 correspondente ao Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 da Excm. Deputación Provincial de Lugo, onde se inclúen as Bases do mesmo e os distintos proxectos e propostas de actuación a incluír.

Vista a situación actual derivada das medidas extraordinarias adoptadas baixo o estado de alarma provocado polo Covid-19, entre as que se atopa a da celebración de sesións plenarias a través de videoconferencia e non presencial.

Visto que as referidas sesións non son posibles neste Concello pola falta de medios técnicos e cobertura de redes para os Concelleiros, esta Alcaldía, en virtude das atribucións que lle confire os artigos 21 da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local e 61 da Lei 5/97, da Administración Local de Galicia,

RESOLVO:



1. Participar no PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN DOS CONCELLOS 2020 da Deputación de Lugo, do que as Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega asignada a este Concello aos seguintes obxectos:

a. OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS

OBRA OU SUMINISTRO	TOTAL CUSTO	APORTACIÓN DEPUTACIÓN	APORTACIÓN CONCELLO
ACTUACIÓNS EN ACCESOS A VIVENDAS RURAIS E CAMIÑOS PÚBLICOS DE MURAS. ANO 2020. ACCESO E CAMIÑOS EN SERRA, PENAGRANDE, CURRO, SUSANA, FERREIROS, CABECEIRA, BUSTELO, COUCE, PALEIRA-VEDILLE, BUSTELO, BOUZAS, segundo coordenadas UTM. (Inclúe este orzamento os gastos de redacción de proxecto, coordinación seguridade e saúde e dirección de obra)	194.244,12	179.571,02	14.673,10
SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA CASA CONSISTORIAL	38.613,40	38.613,40	0,00
ADQUISICIÓN CHANTAS	4.743,20	4.743,20	0,00
TOTAL DESTINADO A OBRAS E SUBMINISTROS	237.600,72	222.927,62	14.673,10

b. PROGRAMA SAF

PROGRAMA SAF	APORTACIÓN DEPUTACIÓN
	35.665,06
TOTAL DESTINADO SAF	35.665,06

c. PROGRAMA DEPUEMPREGO

PROGRAMA DEPUEMPREGO	APORTACIÓN DEPUTACIÓN
	27.788,80
TOTAL DESTINADO DEPUEMPREGO	27.788,80

2. Aprobar os proxectos das obras incluídas na solicitude de participación e que se relacionan neste anexo.



3. Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto ou en trámite todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4. Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no Plan Único.

5. Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención ou axuda doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan Único, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións achédase detalle da cada unha delas, acreditándose que a súa suma non supera o 100% do custo.

6. Autorizar a Deputación de Lugo a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e os correspondentes expedientes.

8.- Cando se restableza o normal funcionamento das institucións municipais, dar debida conta ao Pleno Municipal da resolución adoptada para a súa ratificación polo mesmo.

9.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Muras.O Alcalde. Asdo. dixitalmente na data á marxe.

Aberto o debate non se producen intervencións.

Sometese o punto a votación

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por unanimidade acordan ratificar la Resolución 2020-0181 de fecha 04.06.2020.

9.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2019.

Dase conta.

10.- MOCIÓNS DE URXENCIA

Se presenta unha moción por parte do BNG.

Se somete a urxencia a votación.

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por unanimidade acordan incluír en el orden del día la siguiente moción presentada por el BNG:



MOCIÓN SOBRE LA NACIONALIZACIÓN DE ALCOA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Toda a comarca da Mariña está a mobilizarse nos últimos días para evitar o posible peche da planta de Aluminio en San Cibrao, o que suporía unha perda duns oitocento postos de traballo entre empregados directos e das empresas auxiliares. Debe lembrarse que Alcoa ten máis de tres mil traballadores nas dúas plantas, Alúmina e Aluminio, e as empresas auxiliares, máis de setecentos. A empresa vén a anunciar o inicio do proceso formal de consultas para o ERE da planta de San Cibrao o 25 de xuño, que suporá o despedimento de máis de 500 persoas, sen agardar a ningunha negociación que permita o mantemento da factoría.

Alcoa xa comenzou en marzo unha parada das cubas en electrólise, que aínda que naquel momento se anunciou como temporal, parecía preludiar xa o camiño cara a un posibel peche. A día de hoxe xa están inactivas entre 18 e 21 cubas. Esta medida xa tivo consecuencias directas nas empresas auxiliares con 43 traballadores en ERTE.

O principal problema que ameaza a viabilidade da empresa son os altos custos da enerxía eléctrica, que resulta imprescindible para a produción na planta de aluminio.

A solución ao alto custo da enerxía tanto para Alcoa, como para o resto das empresas consideradas grandes consumidoras de enerxía no noso país, pasa pola posta en marcha dunha Tarifa Eléctrica Galega, como sempre defendeu o BNG. Na Galiza somos exportadores de enerxía, soportamos os custes ambientais desa produción, polo que sería de xustiza, que en compensación, o territorio galego puidese regular o seu propio marco enerxético e que o custe fose menor para as súas industrias e consumidores en xeral.

Ademais, outras medidas que poderían paliar a situación, como a reforma do estatuto do consumidor electrointensivo, comprometidas polo Goberno central e que aínda non están vixentes, posibilitarían adquisición de enerxía a baixo custo, tema respecto ao cal, a propia empresa lamentou públicamente que desde o Goberno non se deu ningún sinal de cambio.

O Goberno deberá pór en marcha medidas que supoñan un abaratamento do custo da enerxía, para permitir a viabilidade económica e produtiva desta empresa e do conxunto da industria electrointensiva.

En todo caso, ante o anuncio de peche da planta de Aluminio, e para evitar a catástrofe económica e social que tería en toda a comarca, po Goberno español deberá aportar pola nacionalización da factoría, que xa no seu día foi pública, e que nunca debeu ser privatizada, asegurando así, os postos de traballo e o futuro económico do principal motor económico na Mariña. Nin o marco normativo galego, nin o do Estado, nin o da Unión Europea impiden a nacionalización de Alcoa, po tanto, esta solución só necesita



da vontade política das Administracións Públicas, solución que permitiría preservar o emprego e salvar unha comarca enteira.

Por todas estas razón, o BNG demanda do Pleno da Corporación Municipal os seguintes

ACORDOS

Instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado:

1. A intervención de Alcoa para retornala ao ámbito público, nacionalizando a planta, para así manter os postos de traballo que dependen da mesma e o futuro económico e social de toda a comarca da Mariña.
2. A posibilitar unha Tarifa Eléctrica Galega que resarza a Galiza dos custos de produción, que permita ás familias beneficiarse da riqueza enerxética do seu país e aio mesmo tempo favoreza a viabilidade da industria no seu territorio.
3. Pór en funcionamento o Estatuto do Consumidor Electointensivo que permita que factorías como Alcoa San Cibrao poda manter a súa actividade produtiva sen perdas económicas e así garantir o futuro da factoría e dos postos de traballo da mesma.

Sometese o punto a votación

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por catro votos a favor do BNG e do PSOE e tres abstencións do PP deciden aprobar os acordos enumerados na moción presentada.

Se presenta unha moción por parte do PP.

Se somete a urxencia a votación.

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por unanimidade acordan incluír en el orden del día la siguiente moción presentada por el PP:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN APOIO DA COMPETITIVIDADE E FUTURO DOS EMPREGOS DE ALCOA

O Grupo Municipal Popular no concello de Muras de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desafortunadamente, cumpríronse os peores prognósticos e, neste momento, a factoría de Alcoa en San Cibrao enfróntase á ameaza real de poñer fin á produción de aluminio primario, unha materia básica e esencial para a nosa economía, especialmente para sectores moi importantes como a construción, a automoción ou as TIC, por citar algúns exemplos.



Con todo, a peor das noticias é que esta decisión anunciada pola multinacional pode supoñer a perda de 700 empregos entre directos e indirectos, afectando á todas as familias que viven desta industria, especialmente na Mariña lucense.

Esta situación prodúcese porque non dispoñemos dun prezo eléctrico competitivo co resto de Estados europeos. O Goberno de España, que ten a competencia sobre a lei do sector eléctrico, leva 19 meses sen atender ao que lle dicimos desde Galicia: aprobación inmediata dun Estatuto para os consumidores electrointensivos que teña en conta as alegacións feitas pola Xunta, en consenso coa industria e cos traballadores afectados. Unhas alegacións que comparten os Gobernos de Asturias e Cantabria.

Polo tanto, non hai máis tempo que perder e o Goberno central debe asumir como máxima prioridade a aprobación urxente dos mecanismos que permitan contar cun prezo eléctrico competitivo e estable para a factoría de Alcoa San Cibrao e o conxunto da industria electrointensiva galega para que poidan operar en igualdade de condicións co resto de Europa.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes acordos:

- Manifestar o apoio da institución aos traballadores e traballadoras afectados directa e indirectamente polo anuncio de peche da produción de aluminio en Alcoa San Cibrao.
- Solicitar ao Goberno de España que sexa contundente á hora de defender a continuidade da produción de aluminio primario en España e busque unha solución inmediata para que non paren as cubas, así coma para que ningunha persoa traballadora perda o seu emprego, que inclúa as seguintes medidas:
 - Aprobar de maneira inmediata os Estatutos de Consumidores Electrointensivos coas alegacións presentadas ao borrador polos traballadores, os gobernos de Asturias, Cantabria e Galicia e pola propia industria electrointensiva.
 - Convocar urxentemente a poxa de interrompibilidade para o segundo semestre do 2020 polo menos, co mesmo importe que o pasado ano, con bloques de MW para as empresas hiper-electrointensivas.
 - Autorizar o máximo importe permitido pola Unión Europea para compensar os custos indirectos de emisións de CO2.
 - Elaborar un plan específico para este sector co obxectivo de optar aos fondos que ten previsto repartir a UE para impulsar unha recuperación sostible, equitativa, inclusiva e xusta a través dunha resposta eficaz en favor dunha Europa ecolóxica, dixital e resiliente.
 - Solicitar á Xunta de Galicia que manteña a súa lealdade institucional e a súa oferta de colaboración co Goberno na posta en marcha destas medidas, como ten feito de maneira permanente desde que saltaron as primeiras alarmas en outubro de 2018.

Sometese o punto a votación



O Concello en Pleno, en votación ordinaria por catro votos a favor do PP e do PSOE e tres abstencións do BNG deciden aprobar os acordos enumerados na moción presentada.

11.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dase conta das Resolucións da Alcaldía.

12.- ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Requeijo Chao sinala que tanto en precampaña como no Pleno o grupo de goberno defendeu máis as súas siglas que aos veciños. Di que se debería fomentar o que os pais queden en Muras e que mil euros podería ser unha axuda.

En canto ao expediente da expropiación non Viveiró, que o grupo de goberno debería sentar a falar cos afectados xa que lles trasladaron que nada saben do expediente e que desde o concello non se puxeron en contacto con eles para falar do tema.

En canto a axudas a autónomos por peche de negocios debido ao covid, di que o PP presentou en maio un escrito para que se instase a poder pagar as cotas de autónomos dos afectados; e que tamén o puxo de manifesto na Xunta de Portavoces que se celebrou. Engade que tamén sería bo poder axudar aos negocios con medidas como colocar biombos, subministración de hidroxelos,... Que se proceda ao desinfectado de varios sitios como os merendeiros, a piscina se se abre, os parques infantís,... Que se se fai unha campaña de saneamento das mangadas comunitarias, que tamén sexan desinfectadas.

Pregunta como están os permisos da traída de auga da Balsa.

Que lle pediu ao Alcalde que se comprasen máscaras para os veciños e que o alcalde lle respondeu que non as ía a comprar.

En canto ao tema das axudas á natalidade, a Sra. Chao Ramil sinala que se está traballando para fomentar o que os pais queden no Concello. Sinala que lle parece que o PP cre que dando 1000€ de axuda é suficiente pero a Sra. Chao Ramil indica que fai tres anos xa sinalou que con mil euros “nin ninguén vén nin ninguén queda”; que o que hai que facer é dotar ao Concello de servizos.

En canto ao resto de preguntas, o Sr. Alcalde responde:

En canto ás axudas polo covid, sinala que nun primeiro momento moitísimos alcaldes falan de dar múltiples axudas, con todo explica que esas non son competencias municipais. Que tiveron unha Xunta de Voceiros na que dixo que se valorarían cales eran as competencias municipais e que se se podía executaríanse. Ademais, o Goberno xa puxo unha serie de medidas e axudas. O que sinala é que bota en falta axudas por parte da Xunta de Galicia.

O Concello está a seguir os criterios da FEGAMP e estase facendo caso ás súas recomendacións e que a portavoz do PP, da reunión da Xunta de Voceiros, colle o que lle interesa das conversacións que tiveron.

En canto á compra de máscaras, explica que nunca se negou á compra das máscaras. Nun primeiro momento, as empresas non podían fornecer EPI´s porque non os había. A Xunta tivo deixamento respecto diso. Foi o Concello o que proporcionou EPI´s aos traballadores do centro de saúde; o Sergas non cubriu esas necesidades. Mesmo se lle trasladou a opción do peche do centro de saúde.



En canto á desinfección dos camiños, ata onde se sabe ata o momento, non está comprobado que o virus permaneza activo no chan. En zonas como A Veiga, os merendeiros... está a facerse desinfección antes de cada uso.

Sinala tamén que houbo unha proposta por parte do PP para realizar entrega de máscaras casa por casa durante o estado de alarma, pero sinala o Alcalde que esa medida non tiña sentido xa que precisamente había que evitar os desprazamentos. Fíxose tamén unha doazón ao concello por parte do PP dunhas 300 máscaras que lle deu unha asociación de Madrid para que se repartisen entre os veciños do concello pero era un risco repartir entre os veciños máscaras que non estaban hixienizadas e que non cumprían cos requisitos sanitarios.

En canto ás axudas, o BNG está a traballar sobre unha paquete de axudas que poidan afectar a todos os veciños e a todos os sectores que se viron afectados de cheo polo covid.

En canto ao expediente da expropiación, o grupo de goberno si se puxo en contacto co portavoz da familia pero o que non vai facer este Alcalde é entrar en poxas nin en poxas. Ofreceuse un prezo por eses terreos segundo a valoración feita polos técnicos. Así pois, os veciños do Viveiró van ter unha depuradora.

O cuanto á Balsa, está aberto o prazo para presentar as licitacións e si, están pedidos todos os permisos necesarios.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Presidente levantou a sesión as vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos, da que se estende a presenta acta que firma comigo, de todo o que, como Secretaria, dou fe

